

Presentación do Blog UN DÍA PARA TAIBO

Escrito por IEM -Sec

Venres, 23 Decembro 2016 14:18

O Instituto de Estudos Miñoráns está a desenvolver unha campaña para conseguir un Día das Letras Galegas para Victoriano Taibo, e nela insírese o inicio do blog que hoxe presentamos titulado, con esta intención, UN DÍA PARA TAIBO, no que iremos publicando todo tipo de documentos relacionados coas actividades que arredor da súa figura se realizasen nalgún momento pasado ou vaian realizarse no futuro. O acceso é a través do enlace existente na barra superior da páxina de Inicio:



Publicanse artigos e outras informacións sobre Victoriano Taibo, escritor e académico, para o que se pide o Día das Letras Galegas de 2018

O meu perfil

CATEGORÍAS

- Xeral

BUSCADOR

Buscar

BUSCAR BLOGS GALEGOS

blogalego

ARQUIVO

- Decembro 2016

CINCUNETENARIO DO PASAMENTO DE VICTORIANO TAIBO

O día 13 de marzo de 1966 falecía en Vigo Victoriano Taibo; 50 anos despois, o día 18 de marzo de 2016, o IEM conmemorou este aniversario na súa sede de Gondomar, aula de cultura Ponte de Rosas, nun acto no que participaron Xesús Alonso Montero, Gonzalo Navaza, Camiño Noia e Armando Requeixo. A este último correspondeulle pronunciar a laudatio do persoeiro cun fermoso discurso documentado e vibrante que reproducimos a continuación:



[Contos pequenos para saír do abicedo](#)

Armando Requeixo

Victoriano Taibo naceu na cerna do país, foi durame desa terra na que medrou cando neno, aprendendo da xente nosa os xeitos e os dicires, os contos e os cantos que oiu dende cabiño na fonda que os seus pais rexentaban na Algalia compostelá.

Queremos animarvos a seguir os seus pasos e a participar, se vos apetece, achegando novas e opinións de interese para o fin que perseguimos. E queremos, tamén, someter á vosa consideración un resumo dos merecementos que adornan o noso persoeiro e que expomos a continuación:

Nacido en 1885 no seo dunha familia humilde do santiagués barrio da Algalia, Victoriano Taibo estivo dende moi novo nos principais movementos culturais e galeguistas do primeiro terzo do

pasado século; este mozo comprometido participou xa activamente, seguindo o seu admirado mestre Vicente Fraiz, director da escola normal, na consecución de recursos para erguerlle un monumento a Rosalía de Castro, xestións que acadaron un importante éxito. Máis tarde tivo unha substantiva actuación na creación e posta en marcha das Irmandades da Fala ás que tanto lles debemos os galeguistas de hoxe; en efecto, participou na creación da primeira delas, na Coruña, aquel 18 de maio de 1916, ten un papel substancial na fundación, o mesmo ano, da de Santiago, da que foi secretario baixo a presidencia do seu admirado e querido Lois Porteiro, cuxa morte cantou en sentidas e acendidas estrofas, fundou pouco despois a de Ortigueira, que presidiu, asinou o manifesto nacionalista de Lugo, creou escritos divulgativos, participou na formulación dun ensino galego, escribiu poemas de loita en defensa e promoción do movemento galeguista formando con Cabanillas, Noriega Varela e López Abente a téttrade de poetas das Irmandades, ... Unha participación, pois, activa e combativa na que mesmo lle escribía a Manuel Antonio sobre unha pretendida sociedade secreta para defensa dos intereses galeguistas:

Esta vai a sere a primeira actuación de R. Convén que se saiba axiña que R. existe, mais nós achantados, nin unha verba. Que nos coñezan polas obras.

Despois dunha etapa de certo esmorecemento debido, entre outras cousas, ás divisións internas e á instauración da ditadura de Primo de Rivera, as ilusións renaceron co Partido Galeguista, etapa na que seguiu colaborando, mesmo con participación en mitins, ata que a rebelión militar eliminou definitivamente todas aquelas inxerencias e el sentiu as gadoupas do estado ditatorial en forma de expediente disciplinario e desterro coa grave acusación de ser "galleguista". Aínda así, seguiu practicando, valentemente, o seu galeguismo, esta vez estritamente cultural, durante o resto da súa vida, porque *o galego que non fala / na lingua da súa terra / nin sabe o que ten de seu / nin é merecente dela.*

O seu monolingüismo habitual en galego non era, nin moito menos, norma entre os galeguistas da altura (aínda hoxe dista moito de selo); téñase en conta que o idioma de relación oral e escrita entre os membros da Real Academia Galega era o castelán, os discursos de entrada e a resposta eran en castelán, a documentación toda estaba impresa en castelán, as cartas que o presidente ou o secretario lles remitía aos académicos eran, case sempre, en castelán. Taibo, que tiña moi claro o transcendente papel do intelectual galeguista, rompeu esta tendencia cun importante discurso de entrada (*Rosalía de Castro, precursora da fala*) en galego. E a súa lingua de relación oral e escrita foi maioritariamente a galega.

Por outra banda, a súa obra, publicada ou non en vida do autor, en forma de libro está escrita integramente en galego: *Abrente, versos galegos* (1922), *Da vella roseira, cántigas orixinás* (1925),

Da agra aberta, contos e lëndas

(1956) e por último, rescatados recentemente,

Abicedo e Cabrinfolas

(2008), da man de Armando Requeixo en Editorial Follas Novas,

Lembranza da tecedeira

(2013) e

Contos pequenos

(2016), ambos os dous editados polo IEM. Taibo publicou tamén en corenta cabeceiras máis de cen poemas diferentes, algúns recollidos nos libros citados, en galego. Colaborou tamén con máis de cen escritos en prosa dos que non poucos están en castelán, pagando así o prezo que a época e as circunstancias impuñan a quen quixesen colaborar en xornais e revistas. Non obstante, unha ollada a estas publicacións infórmanos inmediatamente de dúas cousas: primeira, que os escritos na nosa lingua son tamén abundantes, e segundo, que os temas tratados están na súa inmensa maioría relacionados coa lingua, a cultura ou os persoeiros galegos. Non quero esquecerme da repercusión da súa personalidade no mundo literario de boa parte do século pasado, con obra recollida en, polo menos, oito antoloxías e cunha bibliografía xerada sobre el, as súas obras e o seu pensamento por medio cento de autores en máis de cen escritos en diferentes medios ou formando parte de libros. E, recentemente, foi quen de mobilizar unha morea de sensibilidades de diferentes espazos, ideoloxías e profesións e xunguilas na tarefa de rescatar o seu nome do esquecemento, facerlle unha emotiva homenaxe na Escola de Guillufe, en Morgadáns, onde impartira docencia durante tantos anos, editar ou reeditar varias das súas obras ademais dun monográfico con artigos de prestixiosas persoas do mundo da cultura sobre a súa vida e obra, instituír un importante premio de poesía que leva o seu nome e, xa na súa novena edición, é referencia obrigada para os poetas actuais...

Así as cousas, consideramos de xustiza reivindicar a necesidade de distinguir a este personaxe de tan altos merecementos coa dedicación dun Día das Letras Galegas, distinción que, estamos convencidos, se producirá máis cedo que tarde.